

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE
EDUCACIÓN FÍSICA
CEIP DE PONZOS
CURSO 2022-2023
4º nivel de educación primaria

Índice

- Introducción e contextualización	2
- Competencias clave.....	3
- Obxectivos.....	7
- Metodoloxía.....	9
- Materiais e recursos didácticos.....	10
- Avaliación.....	11
- Secuenciación de contidos.....	18
- Atención á diversidade.....	20

1- Introducción e contextualización:

Información xeral:

O centro escolar no que se vai aplicar a presente programación é o C.E.I.P. de Ponzos, en Ferrol. Está tipificado como de liña 1, é dicir, habitualmente posúe unha aula por cada curso, polo que ten tres grupos de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e seis de Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º). Dende o cambio de normativa asociado ao COVID 19, o centro sufriu desdobres nas aulas máis numerosas, e actualmente existen dous grupos(A e B) de 4º, 5º e 6º de E. Primaria. En total hai no colexio arredor de 240 alumnos e alumnas.

Horario:

Cada grupo de Primaria terá dúas sesións de 50´ á semana, e os grupos de Educación infantil terán só unha.

Así, o número máximo total de sesións de Educación Física ó longo do curso será aproximadamente de 36 en Infantil e o dobre (72) en Primaria.

O obxectivo principal das sesións de Educación Física levadas adiante dende esta programación será o seguinte:

Realizar co neno/a unha grande variedade de prácticas físicas, coa maior intensidade e implicación física e emocional que permitan os distintos niveis, e crear boas experiencias para a práctica física tamén fóra do ámbito educativo.

Neste sentido, preténdese ofertar unha ampla variedade de actividades ó alumnado para que pouco a pouco vaia desaparecendo o concepto de Educación Física referido e limitado a un número escaso e tradicional de actividades, determinadas moitas veces en función de criterios alleos ó alumno/a. Deste xeito, aseguraremos de que dispoña dun amplo repertorio de opcións nas cales inverter o seu tempo de lecer presente e futuro, así como ampliar as posibilidades de orientación profesional.

Como plantexamento xeral, utilizaremos actividades que permitan acadar os obxectivos propostos nos diferentes **ámbitos de desenvolvemento** do ser humano: **o psicomotor, cognitivo-lingüístico, afectivo, de relación interpersoal e de actuación e inserción social.**

Na programación imos ser máis concretos que no decreto 105/2014, do 4 de setembro, onde nos aparecen os obxectivos de etapa, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave dun xeito máis xeral. Tendo en conta o carácter aberto do currículo, ímolos concretar un pouco máis mediante as actividades que

realizaremos na aula.

2- As competencias clave dende a educación física

O decreto de referencia baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que suporán un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A Unión Europea denomínaas competencia clave entendéndoas como **“aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”**.

A **competencia motriz** non está recollida como unha das competencias clave, pero pensamos que é fundamental para o desenvolvemento delas. Son as seguintes:

Competencias clave.

- 1.º Comunicación lingüística (CCL).
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4.º Aprender a aprender (CAA).
- 5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na materia de Educación Física incidiremos no traballo de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia.

Competencia en Comunicación Lingüística

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.
- Comprender, compoñer e utilizar os textos.

- Expresarse de forma adecuada.
- Coñecer o vocabulario específico da área.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas lúdicas.

Competencia matemática e Científico Tecnolóxica.

- Todos os contidos e as actividades relacionados coa orientación.
- Realización de medicións.
- Desenvolvemento do sentido da orientación e utilización correcta de diferentes recursos para orientarse.
- Observación das siluetas trazadas no chan. Cales son máis grandes? Cales son máis pequenas?
- Descrición da orientación dos objectos con respecto ao seu propio corpo.
- Comprensión da relación existente entre os xiros de determinados objectos cos que pode facer o noso corpo.
- Comprobación do ritmo do corazón despois do exercicio.
- Creación de series de estruturas rítmicas.

Competencia dixital.

- Transformar a información en coñecemento.
- Transmitir información a través da linguaxe corporal.
- Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
- Utilizar a información recibida a través dos xestos e das posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

Competencia para Aprender a Aprender.

- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.

- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (danza, mimodrama).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

Competencias Social e Cívica.

- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituar a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.
- Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

Sentido de Iniciativa e Espíritu Emprendedor.

- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.
- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.
- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.

Conciencia e Expresións Culturais.

- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.

- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e goce.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

Ao longo deste curso levaremos adiante no colexio un proxecto de formación vencellado coa recuperación de xogos e xoguetes tradicionais e populares, polo que este será un aspecto que se traballe especialmente tamén nas clases de Educación Física.

3- Obxectivos.

Antes de pasar a presentar os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe do nivel e preciso lembrar os **obxectivos da etapa**:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

Obxectivos específicos da Área de Educación Física para este nivel serán os seguintes:

- Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
- Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.

- Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolve-las e enriquecelas en función das relacións cos demais e a contorna.
- Consolidar a lateralidade.
- Valorar o propio corpo e a actividade física.
- Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.
- Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, da postura e de exercicio físico saudables.
- Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes.
- Adecuar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.
- Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas, individual e colectivamente.
- Desenvolver a destreza óculo-manual e óculo-pédica.
- Desenvolver a mobilidade corporal, independendizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
- Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazándose por el en todas direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
- Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
- Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.
- Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física
- e a expresión corporal.
- Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
- Mostrar a desinhibición e a seguridade en sí mesmo, necesarias para expresarse corporalmente.
- Practicar ritmos e bailes populares dissociando diferentes segmentos corporais.

- Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
- Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.
- Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e as regras que os rexen.
- Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas.
- Aceptar con agrado o papel que lle corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.
- Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
- Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
- Conseguir que o alumnado practique con xoguetes e xogos tradicionais de xeito espontáneo.

4- Metodoloxía:

- A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente **global e lúdico**, ata o punto de **converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes**.

- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

- As estruturas de **aprendizaxe cooperativa** posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no **descubrimiento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación**.

- Buscarase a **implicación das familias** como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTOS
	Descubrimiento guiado Resolución de problemas Asignación de tarefas Mando directo	Actividade e experimentación. Participación masiva. Motivación.	Tarefas individuais. Pequenos grupos. Gran grupo.

Tomaremos tamén ao **xogo** como o máis importante recurso creador de situacións de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Destacando os xogos tradicionais galegos, que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

5- Materiais e recursos didácticos.

Os **espazos** do centro máis axeitados para desenvolver as clases de Educación Física son os seguintes:

- Pista polideportiva cuberta: con campos marcados de fútbol-sa, baloncesto, balonmán e voleibol.
- Patios de recreo, con xogos infantís nun e unha zona verde no outro, debidamente delimitados e que cumpren as medidas básicas de seguridade.
- Ximnasio: con chan de tatami e espaldeiras suxeitas á parede. Axeitado para as actividades de expresión corporal ou cos máis pequenos.

En canto ao **material**, utilizarase unha ampla variedade, tanto convencional (grande e pequeno material) como non convencional (material de refugallo, fabricado, etc.,...) En cada unidade didáctica desta programación especificase o material a utilizar. Ademais, o centro está equipado cos materiais didácticos necesarios para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe: material impreso, visual, audiovisual e informático . Ó longo do curso valorarase a posibilidade de adquirir novos materiais ou substituír os existentes se o consideramos necesario para levar adiante as actividades.

6- Avaliación.

A) Criterios de avaliación.

Estes son os criterios de avaliación que establece o currículo para o cuarto nivel de educación primaria:

- Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.
- Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.
- Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.
- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.
- Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.
- Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

- Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades
- Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.
- Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.
- Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

B) Estándares de aprendizaxe.

- Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
- Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.
- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
- Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
- Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
- Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
- Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
- Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.

- Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
- Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
- Recoñece os dous tipos de respiración.
- Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.
- Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.
- Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.
- Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.
- Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.
- Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
- Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.
- Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.
- Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.
- Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.

- Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.
- Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.
- Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
- Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.
- Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
- Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.
- Realiza os quecementos de forma autónoma.
- Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
- Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.
- Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.
- Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.
- Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
- Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
- Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
- Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.
- Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
- Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

C) **Mínimos esixibles.**

- Utilizar a roupa, o calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Interiorizar a mobilidade do corpo en posicións e situacións diferentes e de crecente dificultade.

- Consolidar hábitos de hixiene corporal e postural, alimentarios e de exercicio físico practicado de xeito regular e seguro.
- Consolidar a lateralidade.
- Mellorar o seu nivel de habilidades motrices básicas, combinándoas de xeito cada vez máis eficaz e espontáneo para resolver problemas motores.
- Adecuar o movemento ao espazo e ao tempo, individual e colectivamente.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual e óculo-pédica.
- Manterse en equilibrio estático, dinámico e con obxectos en diferentes superficies e situacións de dificultade crecente.
- Participar activamente en actividades físicas diversas (artístico-expresivas, populares e tradicionais, na natureza, de cooperación, de oposición, etc).
- Amosar una actitude respectuosa cara aos demais, ao material e aos espazos, evitando os comportamentos agresivos e valorando o esforzo persoal por enriba dos resultados obtidos.

D) Procedementos, instrumentos e criterios sobre a cualificación.

Ademais dos instrumentos amosados en cada unha das unidades didácticas presentadas na carpeta anexa, presentamos un cadro resumo dos recursos utilizados para a avaliación.

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	<p>Observación directa do traballo nas sesións.</p> <p>Análise e valoración de tarefas creadas especialmente para a avaliación.</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Diario da clase.</p> <p>Traballos de investigación sobre algún xogo, deporte ou aspecto da E.F.</p> <p>Probas de coñecementos teóricos sobre a materia traballada.</p> <p>Vídeo grabado nas sesións.</p>	<p>Cualificación cualitativa:</p> <p>Probas específicas de avaliación (20%).</p> <p>Observación diaria do nivel de competencia motriz (40%).</p> <p>Comportamento, esforzo, actitude, participación (40%).</p>

E) Indicadores de logro.

Partindo do carácter principalmente cualitativo da avaliación ao alumnado, que depende máis de actitudes e normas que dun rendemento físico medible, avaliaremos satisfactoriamente a proposta didáctica se máis dun 90% do alumnado consegue aprobar a materia.

Tamén teremos en conta a comunicación co alumnado, sexa de xeito oral ao longo do curso ou a través dunha enquisa ao remate do terceiro trimestre.

Para avaliar a programación didáctica, teremos en conta os seguintes indicadores:

Aspectos da programación a valorar	1	2	3	4	5
Adecuación dos materiais utilizados					
Adecuación da planificación					
Medidas de atención á diversidade					
Uso das TIC					
Inclusión de temas transversais					
Actividades de carácter interdisciplinar					

Para valorar a nosa práctica docente, tomaremos en consideración o seguinte:

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar		1	2	3	4	5
Os alumnos traballan da seguinte maneira	De forma individual					
	Por parellas					
	En pequeno grupo					
	En gran grupo					
As actividades que propoño son do seguinte tipo	Pechados e ríxidos (directivos)					
	Abertos, procedimentais, proxectos					
	Facilitan o traballo cooperativo					

Como paso as horas de clase?	Poñendo silencio						
	Impartindo teoría e explicacións						
	Guiando ós alumnos/as no seu traballo						
	Observando						
	Corrixindo						
Grao de motivación do alumnado							
Grao de participación das familias							

F) Información ás familias.

O horario de atención ás familias é os martes de 16:00 a 17:00 horas no centro escolar.

A información acerca da avaliación formalizarase trimestralmente e ao final do curso escolar a través do certificado oficial do XADE, do espazo web da Consellería de Educación.

7- Contidos e Unidades didácticas

Ao longo deste curso, o alumnado de 4º participará unha sesión á semana (nunha sesión de E.F.) no programa de natación escolar do Concello de Ferrol. O centro xa participou con éxito en edicións pasadas deste programa, anteriores á pandemia, e agora retómase a actividade co apoio do 100 % das familias.

Esta participación levará a condensar as unidades didácticas para abranguer a maioría de contidos relativos a este curso.

Na LOMCE, os **bloques de contidos** están distribuídos en seis grandes grupos:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.
- Bloque 3. Habilidades motrices.
- Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.
- Bloque 5. Actividade física e saúde.

- Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que serán abordados nas U.D. de xeito entrelazado, construíndo uns contidos sobre os outros, de xeito que se traballen todos os bloques ao longo do curso escolar.

Neste **CADRO**, indícase o nome de cada unidade didáctica, o número de sesións e os contidos máis importantes a tratar, coas súas siglas correspondentes:

	Nome	Sesións	Ubicación	Contidos
	1. Benvidos	2	Setembro	Pres. / Normas / Hab. bás.
	2. Mens sana in corpore sano	3	Set-Outubr	Saúde Corporal: rutinas, hábitos
	3. Xogamos co noso corpo.	4	Outubro	Corporalidade: ton, resp,relax...
	4. Viaxe polo espazo.	4	Novembro	Espacialidade:dist,traxec, veloc.
	5. Movémonos a 1 tempo	3	Nov-Dec	Temporalidade: ritmos, durac...
	6. O meu mellor lado.	2	Decembro	Afirmac. Lateralidade: man, pé.
	7. Na corda frouxa.	4	Xaneiro	Equilibrio estático, dinámico...
	8. Manexamos o noso corpo.	4	Xan-Febr	H.M.B co corpo / C.D.X.
	9. Manexamos obxectos	5	Febr-Marz	H.M.B. con obxectos / C.D.Espec.
	10. Flash Dance.	4	Maio	Expresión Corporal / Danzas
	11. Xogos de aquí e de acolá.	4	Maio-Xuño	Xogo Tradicional e Autóctono.
	12. Orientámonos no plano.	3	Xuño	A Orientación / Natureza

8-. Atención á diversidade.

Para poder atender á diversidade dos alumnos/as poderán existir varias vías (adaptacións curriculares, desdobres nas clases, etc.) pero onde é necesario comezar coa atención vai ser no desenvolvemento diario das sesións de traballo por medio dun axuste continuo das estratexias de ensino e aprendizaxe, onde contemplemos as diversas axudas pedagóxicas que permitan aos alumnos/as seguir o proceso en función das súas motivacións, intereses e capacidades.

As actividades propostas serán o suficientemente abertas como para que se poidan adaptar aos distintos niveles de habilidade e capacidade motriz. De todas maneiras, teremos en conta os seguintes aspectos cando sexa necesario:

- Facilitar o acceso do alumno/a ao traballo cotiá.
- Busca a vía de comunicación máis clara para o alumno/a que o precise.
- Procurar nos casos concretos a axuda dun compañeiro/a para delimitar o espazo de movemento debido á particular distribución do patio do centro.
- Adaptar os móbiles a utilizar nas clases.
- Elaborar sesións adaptadas e específicas ao alumnado que o precise en colaboración co persoal especializado.
- Coordinar co departamento de orientación .